

novas

CTNL

Esta revista está subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

CURSO DE INICIACIÓN ÁS ACTIVIDADES DOS SNL/SL

Os días 15 e 16 de novembro do pasado ano desenvolveuse en Compostela o *Curso de iniciación ás actividades dos SNL/SL* organizado pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización Lingüística coa colaboración do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela.

O programa estruturouse en catro sesións desenvolvidas en horario de mañá e tarde na Facultade de Filoloxía da USC e no Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo. Foron un total de dezaseis horas nas que responsábeis de catro servizos de normalización lingüística, cun enfoque fundamentalmente práctico, presentaron desde a súa experiencia profesional e persoal algunhas das pautas e puntos clave en torno aos que debe xirar o labor do técnico/a que inicia a súa andaina nun servizo lingüístico.

A mañá do venres introduciu o curso Valentín García Gómez, técnico en normalización lingüística no Concello da Estrada, apuntando algunhas consideracións xerais relativas, dunha banda, á situación do servizo lingüístico dentro do organigrama da entidade na que se insire (antigüidade do mesmo, consolidación como un departamento estábel, partidas económicas ou subvencións que se destinan para o seu funcionamento, número de traballadores/as que poden conformalo,...) e doutra, ás condicións sociolaborais do propio técnico/a (características do contrato, relación co contorno de traballo, colaboración con outras unidades no desenvolvemento de proxectos afíns, recursos dos que dispón, ...).

Marta Souto González, técnica en normalización lingüística no Concello de Vigo, dedicou a sesión da tarde a presentar propostas de actuacións para a dinamización da lingua. Aínda que

comezou expondo de xeito ilustrativo algunhas das iniciativas levadas a cabo na cidade viguesa, procurou crear un ambiente participativo, pretendendo que os asistentes asumisen o papel de normalizadores. Así, organizados en diferentes grupos, enfrontáronse á tarefa de deseñar actuacións dinamizadoras para un contexto previamente definido. Esta actividade orientouse a remarcar a importancia que no deseño dunha campaña de normalización lingüística teñen factores como a análise do contorno sobre o que se vai actuar, a delimitación clara dos destinatarios aos que vai dirixida, a definición dos obxectivos que persegue, o establecemento das actividades e da súa temporalización e, finalmente, a avaliación dos resultados obtidos.

Na xornada do sábado pola mañá, Manuel C. Núñez Singala, técnico en normalización lingüística no SNL da USC, afondou nas que deberían ser as tres áreas de actuación dun servizo lingüístico: asesoramento, formación e dinamización, todas elas interrelacionadas. Falou do traballo desenvolvido na universidade compostelá e converteu os asistentes en "axentes planificadores" realizando unha actividade que consistiu no deseño dun plan de normalización lingüística para tres entidades concretas.

A última sesión, na tarde do sábado, contou con dúas intervencións. Volveu Valentín García Gómez para completar a súa exposición achegando aos asistentes recursos bibliográficos e documentais, outras ferramentas e algúns "curiosos consellos" que poden facilitar e apoiar o labor do técnico/a. Deu remate ao curso Joaquim Vázquez Rodríguez, técnico en normalización lingüística no Concello de Melide, presentando diferentes modelos de regulamentos de uso

do galego e ordenanzas de normalización lingüística vixentes nalgúns concellos. Detivose nomeadamente naqueles aspectos relacionados coa redacción dalgúns dos artigos, apuntando fórmulas que garantan a legalidade dos documentos e a súa posterior posta en vigor no seo das entidades municipais.

Sen dúbida, a metodoloxía empregada no curso serviu para achegar os asistentes, de xeito activo e dinámico, ás principais tarefas dos SNL/SL. Outra volta, a CTNL ofreceu formación nun eido aínda descoidado na titulación de Filoloxía Galega das nosas universidades e ao que cómpre atender, pois a actuación desde o marco dos servizos lingüísticos debera ser peza clave na normalización da lingua.

Ana Ledo Villaverde
Ana I. Martínez Fernández



Miña Patria:

Eu son o teu soldado máis forte.
A túa lingua é a miña espada
e cando debullo unha canción
cando florece unha palabra
canta en min o labrego cavador
o emigrante e o poeta,
o mariñeiro
o home que amasa o pan e moxe o leite.
¡Non son un home: Son un pobo
E ninguén me pode domear!

Antón Avilés de Taramancos, *O tempo no espello*.

sumario

Páx. 2 O plan de normalización lingüística do Concello de Santiago

Asemblea Xeral da CTNL

Páx. 3 Unha mirada sobre o proceso de estandarización do léxico

¿Vivirán das palabras os lectores de galego?

Páx. 4 Reparar a escritura (lectura obrigada)

O Cartafol dixital da Universidade de Santiago de Compostela

Páx. 5 A normalización sen conflito: unha ameaza para o galego

Páx. 6 Dicionario de psicoloxía e educación e dicionario de termos médicos

Vocabulario de Química

Páx. 7 A normalización lingüística a debate

Outras lecturas recomendadas

Páx. 8 Comunicados da CTNL

NUNCA MÁIS

NON Á GUERRA



Coordinadora Galega pola Paz

CTNL

Coordinadora
de Traballadores e Traballadoras
de Normalización da Lingua

Asemblea Xeral da CTNL

O día 8 de marzo de 2003 celebrouse na Facultade de Filoloxía a Asemblea Xeral Ordinaria da CTNL. Nela informouse sobre as actividades realizadas durante o ano 2002 e as propostas das actividades a desenvolver para o 2003: visitas ao Consorci Catalá e a Elhuyar, organizar,

dentro do plan de formación, un curso de Ase-soramento e Formación nos SL e outro de Dina-mización Lingüística e estudar a posibilidade de que a EGAP asuma a coordinación dun curso ou xornadas de linguaxe administrativa para técnicos en normalización lingüística.

Na asemblea renovouse a directiva con novas incorporacións que cubrían as baixas existentes, quedando finalmente do seguinte xeito: presidenta: Concepción Cochón Rodríguez, secretario: Xosé Ramón López Boullón, tesoureira: Anxos Sobriño Pérez e vocais: Manuel Bermúdez, Rosario Pérez Magdalena, Moisés Barreiro Comedeiro, Xoaquín Vázquez Rodríguez, Xusto Rodríguez Río e Olga Patiño Abeixón.

Tamén se tratou a actualización dos datos dos socios/as e o cobramento das cotas

anuais. A partir de xaneiro de 2004, quen teña pendentes máis de dous pagamentos deixará de pertencer á asociación por non cumprir coas súas obrigas económicas. Actualmente figuran 134 socios/as da Ctnl.

Por último, acordouse a adhesión á plataforma Nunca Máis e barallouse a posibilidade de incluírmos os equipos de normalización *lingüística* dos centros de ensino como socios/as da coordinadora, tema que terá que estudar a actual directiva.

O PLAN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE SANTIAGO

O pasado 11 de febreiro presentouse no Auditorio de Galicia o Plan de Normalización Lingüística (PNL) do Concello de Santiago ao público.

Rematou así a primeira parte dun proceso que comezara en abril de 2001 despois de que o Consello Municipal de Normalización Lingüística aprobara a súa posta en marcha. É o primeiro Plan de Normalización Lingüística aprobado no ámbito municipal galego, no que ademais cabe destacar que foi aprobado co apoio de tódolos grupos políticos e que contou coa participación social activa na súa elaboración.

O proxecto foi levado a cabo por Cidadanía-Rede de Aplicacións Sociais, que apostou por unha metodoloxía baseada na recollida e creación de propostas de cara a definir os obxectivos do PNL.

Para levar a cabo esta filosofía de traballo pensaron en crear espazos de encontro nos que incorporar propostas, implicando deste xeito á sociedade.

Xurdiron así os grupos de participación sectorial (GPS), nos que se integraron representantes de colectivos, agrupacións... dos sectores que se tiveron en conta, ademais dun membro do equipo técnico de Cidadanía en cada un deles.

Estivo sempre presente o Consello Municipal de Normalización Lingüística como motor do Plan, encargado da elaboración da proposta definitiva deste, inserindo os obxectivos propostos nos GPS, e tamén do seguimento do desenvolvemento de todo o proceso.

O cumio deste proxecto son dous documentos, nun deles recóllense obxectivos, liñas de acción e medidas para promover o uso da lingua en Compostela e un segundo que pretende ser unha memoria na que se recolle información sobre o desenvolvemento do proceso de elaboración.

A memoria, moi completa, percorre tódolos aspectos de elaboración do PNL que poden ser de interese.

O documento está artellado en catro apartados máis un anexo nos que se desenvolven de xeito claro, sinxelo e moi esquemático a filosofía do Plan, a metodoloxía e tamén unha explicación do diagnóstico DAFO e do desenvolvemento do PNL.

No referido á filosofía do PNL inciden na idea de buscar o compromiso e a implicación dos axentes sociais de cara á normalización lingüística e unha actuación racional, onde exista o diálogo social e haxa unha proxección de cara á cidadanía. Todo isto co compromiso institucional do concello e a implicación global e transversal deste como organización.

Establecen unhas funcións para o PNL (marcar as liñas estratégicas de actuación municipal e que os actores sociais centrais do ámbito municipal se comprometan no proceso) e uns obxectivos (que haxa un consenso social en torno á normalización lingüística, o compromiso do goberno como institución, a determinación de prioridades e liñas estratégicas de acción...).

Un segundo apartado sería o que toca a metodoloxía que o equipo técnico seguiu, cunha base moi sólida, buscar a implicación de tódolos axentes sociais.

Isto conseguiuase cunha liña de traballo que xira en torno á creación dos xa citados GPS, que funcionaron segundo o programa de traballo e o esquema de desenvolvemento dun encontro tipo que se mostra na memoria.

Tamén atopamos un cadro de desenvolvemento do PNL moi clarificador no que nos podemos facer unha idea tanto dos ámbitos que tocaron por sectores, coma da metodoloxía, compoñentes e obxectivos.



É aquí onde xa podemos ver a división en sectores, atopamos sete:

- Administración.
- Sociocultura, con dúas ramificacións: cultura e deportes.
- Socioeconómico tamén con dous apartados: empresa/laboral e profesionais liberais.
- Comunicación, unha vez máis con dous subsectores: medios de comunicación e informática e internet.
- Sociosanitario.
- Ensino e mocidade, con dúas ramificacións: ensino e mocidade.
- Confesións relixiosas.

Cada un dos subsectores, excepto os de ensino e mocidade, que funcionaron xuntos, tiveron unha evolución independente dos outros do seu grupo.

O diagnóstico DAFO, pola importancia que tivo dentro do proceso, ocupa un apartado independente, no que se explica "que este diagnóstico cualitativo foi o que estableceu o punto de partida desde o que se elaborou o Plan", ademais de mostrar cada unha das súas partes e os definitivos para cada un dos sectores.

Finalmente falan do desenvolvemento, onde se incide de novo no carácter participativo da elaboración do PNL, o que se traduce nun consenso que ten unha dobre dimensión, o consenso político do conxunto dos membros da corporación e o consenso social, xa que tentaron que fosen os elementos máis vivos da sociedade compostelá os verdadeiros protagonistas na elaboración do Plan.

Outros logros sinalados por Cidadanía son que o produto final xorde da contribución dos seus participantes, que a elaboración do PNL fixo reflexionar a moita xente sobre a cuestión da lingua, que todo o proceso está concibido como unha intervención en si mesma e que o número dos participantes xa é unha garantía para a posta en práctica do Plan.

Finalmente o documento ten un anexo onde aparece a relación de participantes na elaboración do PNL.

O segundo documento contén o PNL en si mesmo, desglosado por sectores e moi específico. Nel podemos ver desde os

obxectivos dos que se parten ata as medidas concretas a desenvolver.

Contén sete puntos nos que se fala da dimensión da política municipal, da normalización lingüística como proceso social, da planificación participada como feito social... buscando así mostrar todo o que contén e todo o que buscan acadar ó cidadán de a pé.

Así nomean o uso público do galego na administración, a esixencia de requisitos lingüísticos no acceso á función pública e o fomento da capacitación lingüística, mellora de actitudes... ó falar das dimensións da política lingüística e de contar "co conxunto de actores significativos da sociedade compostelá" para a confección do Plan cando se refiren á política lingüística como proceso social.

Un terceiro epígrafe é o da planificación participada como proceso social, no que comentan a busca dun consenso estratéxico da sociedade, facendo fincapé en que xa a elaboración do PNL é unha intervención a favor da normalización lingüística.

Noutro punto, o cuarto, falan da necesidade de coñecer sempre a realidade cara á que se dirixe a acción planificadora, así Cidadanía apoiouse no *Estudio-diagnóstico sobre a situación da lingua galega no Concello de Santiago de Compostela*.

Mostran tamén a secuencia de planificación (punto 5), na que se estableceron primeiro

uns obxectivos xerais, logo identificáronse os sectores sobre os que se estruturaría o traballo de elaboración e despois os GPS, conformados por membros de relevancia en cada ámbito a considerar.

Sinalan que o PNL pretende abarcar a heteroxeneidade e a complexidade do feito lingüístico no marco social considerada e que tenta integrar un conxunto moi variado de obxectivos que teñan en conta o fragmentado da realidade social.

O punto 6 está dedicado á estrutura final da proposta, na que se partiu sempre do máis global ó máis específico.

Así hai en tódolos casos uns obxectivos xerais para cada un dos sectores, seguidos dunhas directrices estratéxicas.

Á súa vez, dentro de cada sector identifícanse áreas, para cada área uns obxectivos e para cada un destes unhas liñas específicas de acción e medidas.

O punto 7 fala da esencia dos contidos recollidos que conteñen a idea de que o Plan é unha aposta conxunta con vocación de desenvolvemento real, e consecuentemente identifícanse metas de carácter moi operativo.

A continuación desglósanse os obxectivos (facen normal o uso do galego en Compostela, garantir os dereitos lingüísticos da poboación e implicar no proceso de normalización ás entidades públicas e privadas) por sectores e por áreas.

A última cuestión que se aborda son as directrices estratéxicas, que entendo que son un resumo de todo o citado anteriormente (finalidade, máximo órgano responsable, desenvolvemento, carácter das accións...).

Así pois, podemos ver que é este un traballo moi complexo e moi completo que busca ser levado á práctica e non quedar só nunha declaración de boas intencións.

Esperemos que teña moito éxito, e que vaian aprobándose en todo o país máis proxectos coma este que axuden na normalización lingüística do idioma.

¿De onde vimos? ¿Para onde imos? Unha mirada sobre o proceso de estandarización do léxico

Entre o 5 e o 28 de novembro tivo lugar, na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e na sede do Consello da Cultura Galega, o **simposio "Léxico e estandarización en Galicia"**, organizado polo Instituto da Lingua Galega. É o segundo dunha serie que se abriu en 2001 co dedicado á "Dialectoloxía e léxico" (do que se veñen de publica-las actas) e que terá continuidade a finais deste mesmo ano co titulado "Variación e prescrición".

O simposio pretendía revisar criticamente o tratamento dispensado a problemas como as interferencias, os neoloxismos, o vocabulario científico...; analiza-la difusión do léxico estándar (centrándose no papel dos media e dos dicionarios); e mais repasa-lo proceso de estandarización desde un punto de vista histórico.

Para isto contou con varios investigadores galegos e tamén de fóra de Galicia, como Teresa **Cabré**, encargada de pronuncia-la conferencia inaugural, ou Johannes Kabatek. A primeira explicou os **perigos** e as **oportunidades** que a **neoloxía** —un fenómeno que hoxe en día se presenta como ineludible se desexamos que linguas coma a nosa non perdan o tren da modernidade— ofrece ás linguas minoritarias.

Da análise do tratamento dos dicionarios en relación ós préstamos e ó léxico científico, ocupáronse respectivamente Xusto R. Río e Luís Daviña. Este describiu con exemplos diversos o precario e desnortado estado no que se atopa a elaboración do noso léxico científico, mais recoñecendo en todo momento o "labor meritísimo" dos dicionaristas galegos. Finalmente pediu cartos e vontade política para endereita-lo rumbo dos acontecementos. Xusto R. Río centrouse nas obras lexicográficas e enciclopédicas editadas no último quinquenio. En xeral, advertiu unha actitude de respecto pola normativa pero pouca atención cara a traballos especializados ou cara a propostas dos media hoxe completamente socializadas. Así mesmo, notou no dicionario da Academia un celo purista moderado en relación ós castelanismos.

Da ampliación do léxico por extensión semántica, do recurso á Idade Media ou da creación

de novas palabras, ocupáronse Anxos Sobriño, Carme G. Bueno, Fátima R. Ruibal, Moisés Barreiro e Henrique Monteagudo. Este comparou o labor de extensión semántica en dous dos grandes forxadores do galego culto: Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro.

Así mesmo, centráronse no purismo e na elaboración do estándar Johannes Kabatek; María Álvarez de la Granja, que pediu moita precaución á hora de falarmos de contaminación no eido da fraseoloxía; Benigno F. Salgado; ou Ernesto G. Seoane, que presentou unha visión diacrónica sobre o proceso de estandarización na que defendeu o labor do ILG, por poñer en valor o galego do pobo, e na que afirmou a supervivencia aínda de moitos prexuízos.

Abordaxes desde unha perspectiva máis dialectal foron as realizadas por Xulio Sousa ou Francisco F. Rei, quen expresou a necesidade de elevar ó galego común máis léxico da Galicia mariñeira.

Na derradeira sesión, tivo lugar unha mesa redonda sobre proxectos lexicográficos en curso coa participación de representantes da Real Academia Galega, Edicións do Cumio e Xerais. Antes deles, Dolores Sánchez Palomino analizou o papel dos dicionarios na conformación e difusión do léxico estándar.

Durante a celebración do simposio, Antón Santamaria e Xosé M.^a Gómez Clemente anunciaron, con singular repercusión mediática, dúas novas publicacións en Internet: o VOLG (vocabulario no que se basean a maioría dos dicionarios actuais), que deixará así de circular en edición semiclandestina, e un dicionario de neoloxismos que toma como base O Correo Galego, Tempos Novos e, en menor medida, A Nosa Terra.

Pronto se poderá acceder doadamente ás achegas, debates e avances deste simposio, xa que o ILG e o Consello da Cultura Galega se propoñen coedita-las actas proximamente.

Falar galego: no veo por qué

Se tan boas son as actitudes cara ao galego, ¿por que non aumenta o seu uso? ¿Son realmente tan boas esas actitudes? Estas son as dúas cuestións principais que tenta responder Ana Iglesias no seu recente libro *Falar galego: no veo por qué*.

No *Mapa Sociolingüístico de Galicia* afirmase que os prexuízos negativos cara ao galego a penas están presentes na poboación. Pero, como di a autora (e moitos constatamos), esta mellora das actitudes non se traduce nun aumento do seu uso.

Para buscarlles as causas e as respostas a cuestións e situacións coma estas a autora fuxiu das enquisas e adoptou unha metodoloxía cualitativa. Recóllense no libro as conclusións

tiradas de nove grupos de discusión, formados por xente con diferentes perfís sociolingüísticos. Cada un destes grupos aparecía formado por persoas co mesmo grao de formación e o mesmo intervalo de idade. Cinco destes grupos correspondían a xente do ámbito urbano e os outros catro a xente do rural.

Nestes grupos falouse de catro temas que logo serán analizados en cadanseu capítulo do libro. O primeiro, a "imaxe social das variedades lingüísticas", estivo centrado na avaliación das diferentes variedades xeográficas da lingua fronte ao galego normativo. Pásase logo a falar dos valores e funcións das linguas e a relación da lingua coa construción identitaria. O último dos aspectos trata-

¿Vivirán das palabras os lectores de galego?

A figura de lector de galego, de quen se fala nalgunhas ocasións como embaixador da cultura e da lingua galega, é a miúdo unha figura descoñecida.

En principio non é mais, nin menos, ca un profesor de lingua, literatura e cultura galegas que traballa nunha universidade non galega. No seu traballo, por outro lado ben atractivo, a inexistencia ou inadaptación dos materiais de apoio constitúen unha pexa. Estes son aínda moi escasos e están sempre pensados para un falante de español que demasiadas veces non se corresponde co modelo de estudante que participa nas aulas. Dos pouco máis de trinta lectores que traballan na actualidade, ademais de estudantes que falan español reciben alumnos que teñen como lingua base o portugués, o catalán, o vasco, o francés, o alemán, o italiano, o inglés ou o polaco.

Os parámetros culturais galegos que temos que transmitir varían tamén segundo as distintas realidades nas que se traballa. Xa que logo, os contidos e estratexias utilizadas dependen da aplicación do lector e das súas aptitudes persoais, posto que aínda non hai posta en común dos métodos utilizados en cada un dos diferentes ámbitos lingüísticos. A necesaria comunicación entre os lectores acaba de nacer como resultado da iniciativa dos propios interesados e a solución á falta de materiais cóntase entre os obxectivos que hai que acadar.

Non obstante hai aínda outros problemas prioritarios.

Os lectorados de galego en universidades non galegas teñen actualmente o carácter de bolsas de traballo, polo que os lectores son bolseiros. Isto significa que o seu traballo non cotiza na Seguridade Social e a efectos dos exames de oposicións non puntúa, como si o fai a docencia no ensino público ou privado.

Tal circunstancia coñécese a priori e non supón ningún tipo de sorpresa para o lector, por máis que a situación non é nada desexable. A situación laboral coa que nos atopamos despois, instalados xa nas universidades receptoras, é xa un pouco máis desagradable.

Cada caso é un mundo diferente e non podería contar aquí os problemas específicos de cada un polo longo e falseador que podería resultar. Digo falseador porque unha lista de problemas ocultarían o enriquecedor e satisfactorio deste traballo e porque nin tódolos problemas teñen a mesma importancia. Concentrareime pois, moi brevemente, nos dous que máis perturban a vida dun lector.

Un deles é a inexistencia de seguro médico. Tal carencia agrávase canto máis lonxe se traballe, xa que algúns dos lectorados están fóra da Unión Europea ou mesmo na América Latina. Aínda que nin tódalas situacións son iguais e as solucións ben diferentes segundo cada caso, na maioría dos lugares un accidente suporía un desembolso económico fóra das posibilidades de calquera ou mesmo serías dificultades para ser atendido. A reivindicación dunha solución para este importante problema non foi atendida aínda, por máis que é coñecida e denunciada constantemente polo colectivo de lectores.

O outro problema ten que ver coa situación económica. En principio a Xunta de Galicia, desde a Dirección Xeral de Política Lingüística, dota a cada universidade receptora dunha subvención na que se inclúe a bolsa do lector e unha cantidade para fondos materiais e organización de actividades difusoras da cultura galega. Ata non hai moito as universidades que tiñan posibilidade pagaban ao lector, adiantando se era preciso a parte correspondente aos meses traballados mentres a subvención non chegaba á universidade. Desde o pasado ano as cousas mudaron e a Xunta centralizou os pagamentos dos lectores, igualando as condicións de tódolos bolseiros.

A estratexia actual é que dependemos dun convenio entre universidade e Goberno galego que non está redactado ata pasados os primeiros meses do ano. Unha vez preparado mándase ás respectivas universidades para ser asinado e enviado de volta. Ata que remate o proceso o lector non empeza a cobrar a parte correspondente da bolsa.

Este novo sistema, estreado no 2002, demostrou o pagamento dos primeiros oito meses ata finais de setembro. Só algunhas das universidades continuaron pagando ao seu profesor bolseiro e estes poden considerarse hoxe privilexiados. O resto vimos de cobrar o mes de decembro a finais de abril.

Mentres intentamos solucionalo as alternativas continúan a paso de boi e a situación non é humanamente sostible, nin económica nin psicológicamente.

Falo hoxe a título individual e axústome aínda así a unha realidade colectiva que queremos ver reparada. Mentres tanto, eu e tódolos demais bolseiros, seguimos traballando.

Mónica Góñez Silva
Lectora de galego na Universidade de Trier
(Alemaña)

dos é o do discurso da imposición, onde se fala do "anticatalanismo" ou a "libre elección" das linguas.

Ana Iglesias remata facendo un capítulo de conclusións e reflexións sobre a política lingüística á luz do visto e oído nos grupos de discusión.

Segundo a autora, unha política lingüística ambigua crea actitudes pouco favorables e leva a que unha política máis activa sexa percibida como unha actuación ameazante.

A escritora, como dicíamos ao principio, defende que as actitudes non son tan boas como din as enquisas.

A reflexión tamén toca as diferencias atopadas nos dous ámbitos de análise do estudio: o mundo rural e o mundo urbano. Fala dunha certa separación entre estes dous mundos, dun conflito incluso. A radio e a televisión reflicten un galego estándar caste-

lanizado que toman os neofalantes urbanos. As xentes do rural senten allea esta variedade, o que implica que eses neofalantes sexan tamén alleos para os ruralitas. De aí esa conflictividade.

Así mesmo chama a atención sobre os diferentes tipos de problemas que hai que atallar nun e noutro lugar, así como das liñas de acción e actuacións necesarias. Por exemplo como no rural crece a opinión de non necesidade do ensino da lingua galega porque "o galego nunca morre". Isto xunto á desconfianza na política.

Cómpre, defende Ana Iglesias, darlle azos a un proceso de normalización estancado e pasar a unha nova etapa con metas máis ambiciosas.

Óscar Fontán e Xosé Ramón Alonso
Borseiros do SNL do Concello de Vigo

Reparar a escritura. Didáctica da corrección do escrito. Unha lectura obrigada

Coñecía a Daniel Cassany <www.upf.es/dtf/personal/danielcassany/> da súa obra *A cocíña da escritura*, libro que se fixo asiduo da miña mesa de traballo por tanto que me gustou. Desde este primeiro encontro con este autor procuro ler o que publique. Hai uns meses que tiven a sorte de ler *Reparar a escritura, didáctica da corrección do escrito*, editado por Biblioteca de Aula. É unha obra de algo máis de cen páxinas estruturada en tres apartados ben diferenciados: o primeiro, *Marco teórico para a corrección* é unha interesante introducción para calquera profesional que traballe corrixindo (¿quen non o fai?), malia estar enfocado ó mundo do ensino; o segundo, *Preguntas sobre a corrección do escrito*, contén vinteunha preguntas sobre a tarefa da corrección que non

... o contido do libro é unha reafirmación de todo o que pode chegar a pensar o profesional ... sobre a tarefa de corrección.

teñen desperdicio; o terceiro e derradeiro, *Técnicas de corrección*, fala sobre técnicas aplicadas á corrección no ensino. A pesar de que todo o libro é moi interesante, cómpre sinalar como de lectura imprescindible as dúas primeiras, sobre todo, a segunda.

Con *Reparar la escritura* acontece como con outras obras de Cassany: faise curta. O lector ha botar en falta máis páxinas. As razóns disto son dúas: en primeiro lugar, está escrito por un cocíneiro das letras, por unha persoa que coñece os ingredientes necesarios para que calquera escrito poida ser entendido á primeira. Cassany na redacción desta obra é coherente coa súa máxima: *desconfía do escrito se tes que volver lelo*. En segundo lugar, lese moi ben porque o contido do libro é unha reafirmación de todo o que pode chegar a pensar o profesional, aínda que fose só de xeito embrionario, sobre a tarefa de corrección. Non é este o caso dun libro redactado con técnicas de escritura sen nada de contido, todo o contrario, sorprende pola densidade de ideas que se plasman sobre o papel. Por se pode parecer esaxerado, direi que acostumo a subliñar os libros de consulta. Con este deixei de facelo ó pasar unhas cantas páxinas pois, para o meu gusto, hai que lelo todo. Non falta

nin sobra nada. Cando lin por primeira vez o libro, fíxeno cun permanente sorriso de aceptación de todo o alí escrito. O mérito de *Reparar la escritura* non está, para min, nas solucións que achega, que son adecuadas e interesantes. O excepcional da obra de Cassany véxoo nas preguntas que pon sobre o papel. Ó pé dunha pregunta esperable como *¿Que é a corrección?* Fai outras como *¿Paga a pena corrixir?* ou *¿É preciso corrixir todos os erros dun texto?*

Adiantamos un pouco máis arriba que a publicación á que facemos referencia está pensada para o proceso de corrección no ensino. Cassany considera que a corrección non é a meta senón un medio, é unha técnica de formación. Neste sentido, *Reparar a escritura* non vale só como referencia para os profesionais do ensino senón que é acaída para nós, técnicos en normalización da lingua, que facemos da corrección unha tarefa case diaria. No ámbito da normalización lingüística considérase, tradicionalmente, a corrección textual como un elemento central. Esta tarefa, á parte de estar sobredimensionada, está mal configurada para o obxectivo laboral: a normalización da lingua. A corrección, neste sentido equivocado, *normaliza* textos cando o que ten que procurar é normalizar individuos e, polo tanto, mover conciencias.

Visto así, a corrección na contorna normalizadora ten que ser unha tarefa transcendente e non pode quedar na simple detección de erros. Ha ser considerada unha técnica para a normalización e non, como acontece moitas veces, o seu atranco. A corrección ten que transcender de maneira positiva ó individuo, polo tanto, son imprescindibles facer preguntas como as que fai Cassany na súa obra. Pode ser que se as contestamos teñamos tempo

Cassany considera que a corrección non é a meta senón un medio, é unha técnica de formación.

para poñer en marcha outras técnicas de normalizar; se cadra, tamén, haberá tempo para facer da corrección unha verdadeira técnica de normalizar, de comunicar e de formar. Trátase non só de corrixir, senón de axudar a mellorar as capacidades de expresión escrita. Trátase de traballar mellor. Se lemos autores como Cassany estaremos un pouco cerca de conseguilo.

Manuel Bermúdez



Reparar la escritura, Daniel Cassany

O CARTAFOL dixital da Universidade de Santiago de Compostela

Mensualmente, baixo o URL <http://ocartafol.usc.es> xestionado polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela podemos consultar o boletín electrónico de novas sobre a lingua dirixido a toda a comunidade universitaria e aberto á participación desta, mais de interese para calquera persoa interesada ou que traballe en normalización da lingua.

Na sección Principal ofrece novas de actualidade tanto da comunidade universitaria como de proxectos xerais ou doutras entidades.

mente os acontecementos positivos e negativos para a normalización da lingua para finalmente na Axenda dar conta de diferentes acontecementos da lingua tanto a nivel interno como externo da propia USC.

Importante iniciativa que ven a reforzar o xa existente O Cartafol en papel.

Se queres, ti tamén podes recibir puntualmente no teu enderezo electrónico as novas que ofrece este boletín. Para iso só tes que enviar un correo electrónico ao snlisa@usc.es pedindo a túa subscrición.

Olga Patiño Abeixón



<http://ocartafol.usc.es>

Ruxe-Ruxe, Pasa a folla, ¿Sabías que...?, Axenda, Arriba e Abaixo e a Principal forman as diferentes seccións deste boletín que hoxe en día xa conta con sete números.

Na sección Principal ofrece novas de actualidade tanto da comunidade universitaria como de proxectos xerais ou doutras entidades. Ruxe Ruxe recolle as novas que aparecen en diferentes xornais publicados no país relacionadas coa lingua e Pasa a folla dá conta de diferentes publicacións especializadas sobre o idioma. En ¿Sabías que...? recollen interesantes apuntamentos como a forma de citar bibliografía, o uso e sentido das maiúsculas, o emprego de determinadas formas léxicas, ... En Arriba e Abaixo cualifican moi obxectiva-

A normalización sen conflito: unha ameaza para o galego

O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Volume I. Política lingüística: análise e perspectivas.

Xa era hora de que contásemos en Galicia cun estudo destas características. Dado que a falta de avaliación constitúe unha das grandes carencias -entre moitas outras- da política lingüística aplicada na nosa comunidade, o traballo que estamos a presentar vén paliar en parte esta limitación. E dicimos só en parte porque os responsables do estudo atoparon algúns obstáculos á hora de levalo a cabo precisamente debido á escasa e incompleta información proporcionada pola propia Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL), a principal entidade sometida a análise no estudo. Esta circunstancia resulta xa sintomática do tipo de política lingüística que se está a realizar en Galicia -polo menos ata o momento-, unha política lingüística escurantista, non aberta ó diálogo coa sociedade en xeral, nin cos demais axentes implicados no proceso en particular. A isto hai que engadir que non responde a unha planificación organizada e estruturada, senón que é resultado, en gran medida, da improvisación. Partindo destas características xerais, o estudo, promovido polo Consello da Cultura Galega, na súa Sección de Lingua, analiza de xeito pormenorizado as actuacións da Administración Autonómica en materia de política lingüística. Como corresponde a un estudo de tan ambiciosos obxectivos, estamos ante un traballo amplo e exhaustivo, de carácter plural, que contou cun grande equipo de colaboradores, desde bolseiros e profesores universitarios, ata contribucións de especialistas alleos ó Informe, pasando polo equipo de investigación da empresa Cidadanía.

O Informe vai constar de catro volumes, dos que só se publicou ata agora o primeiro, destinado a analizar a actuación da DXPL desde unha perspectiva xeral. Os tres restantes céntranse xa en campos específicos: o segundo no sector da educación, o terceiro nas administracións públicas (quedan fóra do estudo a Administración de Xustiza e a de Sanidade, baleiro que esperamos que sexa atendido nun futuro breve), e o cuarto na planificación do corpus e a situación do 'galego exterior'. Ademais está previsto estudar máis adiante outros dous sectores, o ámbito empresarial e comercial e os medios de comunicación.

Centrándonos xa no primeiro volume, este baséase en cinco tipos de fontes: un caderno de prensa, un compendio das medidas legislativas relevantes para a política lingüística, a análise dos presupostos anuais da DXPL, as opinións dun grupo de expertos -recollidas a través da técnica Delphi-, e, por último, fontes secundarias, como poden ser os resultados do Mapa Sociolingüístico de Galicia (1994, 1995, 1996), ou as investigacións a cargo do CIS (1993, 1999). Sen embargo, non tódalas fontes se explotaron por igual, centrándose o Informe principalmente nas tres últimas citadas. Así, bótase de menos, por exemplo, unha análise (crítica) dos discursos públicos recollidos no caderno de prensa, que sen dúbida resultaría de grande interese para pór de relevo os significados -explícitos e, sobre todo, implícitos- do discurso dominante difundido en Galicia. En definitiva, o corpo central do volume enfócase cara á análise orzamentaria e a súa relación cos resultados conseguidos (medida da eficiencia), máis a valoración dos expertos; todo isto enmarcado por unha primeira parte na que se inclúen varios capítulos dedicados á aclaración conceptual e a un breve repaso histórico da situación socioeconómica e política de Galicia e, na parte final, unha breve comparación coas políticas aplicadas en Cataluña e no País Vasco, as únicas comunidades bilingües de España das que se pode afirmar con certeza que "están invertendo, aínda que timidamente, o proceso de substitución lingüística" (páx. 201), nas palabras dos propios autores.

Antes de pasar a comentar os resultados máis destacables, considero necesario sinalar unha cuestión puramente formal. A presentación do libro resulta algo confusa, en primeiro lugar porque non está estruturado en partes claramente diferenciadas, en correspondencia cos distintos aspectos que aborda. Ademais, os subepígrafos nos que se divide cada capítulo non están recollidos no índice xeral, de xeito que este non axuda a un fácil seguimento por parte do lector, nin á rápida localización dun punto concreto. En compensación, a obra ofrece numerosos cadros, gráficos e táboas que resumen e esquematizan a información máis relevante, contribuíndo con moito a facilitar a comprensión de cuestións que, ás veces, poden resultar un pouco arduas, como por exemplo a análise orzamentaria.

A nivel xeral, as principais críticas á DXPL, que conta cun presupuesto de 2800 millóns de pesetas anuais desde o ano 1993, son:

- a falta de formación específica sobre planificación lingüística dos seus traballadores.
- a falta de seguimento e vixilancia, de xeito que "os encargados de facer cumprir a lexislación sobre o galego (...) comprenderon a normativa legal como tendencial e que non se debía forzar o seu cumprimento" (páx. 126).
- o inadecuado seguimento dos resultados do gasto investido (páx. 134).

Os autores do Informe ilustran estas conclusións con exemplos flagrantes, como o feito de que "moitos profesores tenderon a interpretar os usos dentro da aula como un asunto particular que estaba en función da súa propia vontade" (p. 127), ou os 300 ou 400 millóns de pesetas anuais destinados á prensa, que non se reflicten nun aumento real da presenza do galego neste medio.

A actuación da DXPL centrouse principalmente no ensino, os cursos de formación en lingua galega e as axudas e subvencións, á parte do convenio coa CRTVG.

No que respecta ós cursos, resulta moi interesante o balance dos seus puntos fortes e febles (cadro 8). Sen embargo, dado

mente, podería resumir, na miña opinión, a mentalidade lingüística imperante na sociedade galega ou, cando menos, en amplos sectores da mesma. Este posicionamento ideolóxico non fai máis que reproducir a ideoloxía dominante do bilingüismo harmónico difundida desde a Administración pública. En efecto, esta mentalidade está directamente relacionada co que parece ser o principal obxectivo (implícito) da política lingüística en Galicia: "a normalización sen conflito" (páx. 220). Isto ten como consecuencia un estilo político moderado e cauto que se traduce na renuncia a medidas activas de promoción, nun momento decisivo no proceso de substitución lingüística. Esta mesma ideoloxía está moi interiorizada entre a poboación, de xeito que ante a proposta de medidas máis rigorosas e decisivas as actitudes xa non son tan favorables. O galego acéptase sempre e cando non supoña unha "ameaza" para o castelán, é dicir, cando a súa introdución non implique retroceso do castelán. Así, na comparación con outras comunidades bilingües españolas (p. 173), comprobamos como en gran medida as diferentes políticas lingüísticas aplicadas en cada unha delas lle afectan á ideoloxía maioritaria, nun proceso de retroalimentación. Naquelas comunidades onde a presenza da lingua vernácula no ensino é maior, tamén son máis favorables as actitudes cara á súa utilización maioritaria en detrimento do castelán. En definitiva, os autores destacan que

"as preferencias se concentran naqueles modelos que realmente existen nos sistemas educativos" (p. 173), ou, noutras palabras, a oferta tamén crea demanda.

En xeral, obsérvase un importante desvío dos cartos que proveñen da DXPL, xa que nunha porcentaxe importante non se aplican en medidas de normalización, nalgúns casos directamente, como son os cursos de reciclaxe de profesorado (adaptación á reforma educativa), e noutros de xeito indirecto, como os cartos destinados a investigación, que na súa gran maioría se centran en estudos lexicográficos e terminolóxicos -relacionados unicamente coa planificación do corpus-, ou mesmo en temas de literatura, quedando totalmente marxinada a investigación sobre sociolingüística e planificación do status.

Por último, queremos recomendar encarecidamente a lectura desta obra, tanto polo que ten de novidosa, como polo rigor con que está realizada. Abórdase ademais, en liñas xerais, co espírito crítico que se espera dunha obra destas características, algo que resulta especialmente valorable dada a mensaxe transmitida desde a Administración, na que se prioriza a non conflictividade e, en consecuencia, a falta de crítica. A pesar disto, apréciase en aspectos concretos algunha concesión ó discurso dominante, como por exemplo na seguinte afirmación, recollida nas conclusións: "coa (...) incorporación do galego ao ensino, fréase o efecto desgaleguizador da educación e de xeito progresivo comeza a xogar favorablemente na reprodución da lingua galega". Esta afirmación resulta abertamente contradictoria con outras das conclusións máis relevantes do Informe con respecto á eficacia da política no ámbito do ensino, como por exemplo que o "incremento da competencia lingüística ten que ver fundamentalmente coa dimensión lecto-escritora" (páx. 233), polo tanto non coa oral activa, a máis relevante na transmisión lingüística e no aumento do uso. Ademais, o simple feito de que en Galicia non se levasen a cabo programas de inmersión para os castelanfalantes e de mantemento para os galegofalantes pon en evidencia que, polo menos para estes últimos, é máis que probable que continúe o efecto desgaleguizador (lembramos que só dispomos dunha lei de mínimos -un par de materias en galego- e que ademais a opción lingüística déixase á vontade do mestre).

Só nos queda expresar aquí a esperanza de que este exhaustivo traballo de avaliación sexa convenientemente aproveitado na realización do Plan Xeral de Normalización Lingüística (PXNL) que se está levando a cabo actualmente en Galicia, para o que houbo que esperar vinte anos desde que foi aprobada a LNL. Esta Lei aprobouse por consenso e en liñas xerais non recibiu críticas, o que demostra que o problema, e a falta de acordo, reside na súa actualización na práctica e a falta de cumprimento (páx. 62).

Ana Iglesias Álvarez



que se trata dunha das principais actuacións da DXPL, cremos necesario levar a cabo unha análise máis profunda e detallada, sobre todo dos seus puntos febles, como poder ser o feito de que se convertan nun medio de acumulación de puntos no caso dos funcionarios, os seus principais destinatarios. Por outra parte, consideramos que sería enriquecedor dispor da visión dos propios asistentes a estes cursos (a través de entrevistas ou grupos de discusión), co obxectivo de escoitar directamente deles o rendemento que obtiveron.

Pero, sen dúbida, o obxectivo por excelencia da política lingüística foi o ensino. Neste ámbito "a sociedade galega era receptiva á incorporación do galego a novos ámbitos, pero rexeitaba a idea de que esta lingua se puxese en competición co castelán" (páx. 174). Esta frase, que reproducimos literal-

Diccionario de Psicoloxía e Educación e Diccionario de Termos Médicos

Unha actividade normal, cotiá dentro da sociedade que non emprega de maneira natural e xeneralizada a súa propia lingua é unha actividade arredada da súa realidade.

O *Diccionario de psicoloxía e educación* e máis recentemente o *Diccionario de termos médicos*, son dous importantes instrumentos que han axudar a que se instale con rigor e corrección o noso idioma nuns ámbitos tan decisivos como o campo científico do comportamento e da educación e mailo sociosanitario.

O *Diccionario de psicoloxía e educación* segundo se nos di no prólogo foi acordado e executado a partir dun convenio entre a Consellería de Educación e a Universidade de Santiago de Compostela.

O *Diccionario de termos médicos* foi unha iniciativa da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, coa axuda da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e coa colaboración do Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega.

Son, estas dúas obras lexicográficas importantes en relación co seu volume de información, xa que conteñen máis de vinte mil (20000) voces cada unha delas o que as converte nunha ferramenta moi útil para os profesionais que teñen que botar man deste léxico no seu contexto.

Estes dicionarios presentan termos de uso habitual e deben servir de impulso e de estímulo entre os seus profesionais para desen-

volver a súa actividade con normalidade e tamén con eficacia e eficiencia o cal redundará no seu prestixio na comunicación que se establece nos propios ámbitos; pero tamén na súa relación, influencia e manexo co e para o resto da sociedade.

En canto a súa disposición formal e de contido os dicionarios ofrecen a seguinte información –como podemos observar, xenericamente, no cadro que segue a este comentario.

As entradas están en letra grosa ou negra e a información da categoría gramatical de forma abreviada e en letra cursiva e de seguido desenvólvese a definición e as posibles acepcións numeradas.

Non ofrece referencias etimolóxicas e moitas entradas remiten a outras nas que xa se ofrece a definición ou o significado propio delas.

As entradas de termos gregos e latinos ou de voces estranxeiras asentadas nestas áreas aparecen en negra e en cursiva.

Parabéns para estas achegas con información tan necesaria pola especificidade destes campos para que nestes sectores, especialmente o sanitario, a lingua acade a situación social e o nivel de normalización que lle corresponde.

Xosé Ramón López Boullón

DICCIONARIO DE PSICOLOXÍA E EDUCACIÓN

medicina s.f.

Disciplina científica que se ocupa de curar ou no seu defecto, paliar os efectos das enfermidades, utilizando para este fin distintas técnicas, tales como a administración medicamentosa.

educación s.f.

1. Acción metódica exercida sobre un ser humano en período de desenvolvemento

2. (...)

psicoloxía s.f. 1.

Etimoloxicamente significa ciencia, estudo ou tratado da alma

DICCIONARIO DE TERMOS MÉDICOS

medicina s.f.

1. Ciencia que ten como finalidade o estudo, a prevención e o tratamento das enfermidades do ser humano.

educación Ø

psicoloxía s.f.

Rama da ciencia que estudia os procesos psíquicos.

1. (...)

Léxico multilingüe do medio en liña

“Capa de aceites pesados que cobre extensas superficies do mar ou de augas continentais por mor de vertidos de petróleo ou de derivados do petróleo.” Así aparece definido *marea negra* no Léxico multilingüe do medio que se pode consultar na rede e que é resultado do Proxecto Linmiter-formación, coordinado pola Unión Latina, que ten como obxectivo o de favorecer o desenvolvemento terminolóxico de linguas minoritarias do ámbito románico (corso, friulano, ladino, occitano, sardo, galego e catalán) e que dende os seus inicios contou coa representación galega do SNL da Universidade de Santiago de Compostela. A obra consta de

preto de 200 termos básicos que dispoñen de cadansúa definición e/ou distintas acepcións, así como as equivalencias en español, inglés e francés, ademais das ligazóns coas entradas terminolóxicas nas distintas linguas do proxecto. Abrangue diversos campos conceptuais que van desde os termos xerais como *ecoloxía* ou *medio*, ata termos propios da xestión ambiental como *desodorización*, *reciclaxe*, *xestión de residuos...*, pasando polas modificacións sufridas polo medio e as súas consecuencias socioeconómicas (*catástrofe ecolóxica*, *impacto ambiental...*).

¡NUNCA MÁIS!

<http://www.linmiter.net>

http://www.linmiter.net/lexique/_index.html



Gutián Rivera, X. (2002) Vocabulario de Química Santiago de Compostela, Universidade

Dentro da colección “Vocabularios temáticos” a Universidade de Santiago de Compostela publicou en maio do pasado ano 2002 este repertorio trilingüe, froito do esforzo dun grupo de traballo artellado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Químicas e do que formaban parte, tanto docentes, investigadores e alumnos desa facultade como técnicos do Servizo de Normalización Lingüística.

Este *Vocabulario de Química* presenta denominacións trilingües (galego, castelán e inglés) para 2563 conceptos desa área de especialidade, así como outras informacións lingüísticas ou técnicas vinculadas a eles (clasificación temática, categoría gramatical, sinónimos e variantes, e observacións).

Vexamos como se organiza esta información nunha entrada calquera:

967 **faradio** m
Unidades
VAR.- farad
es *faradio*
en *farad*

Nota.- Optouse por dar preferencia ás denominacións adaptadas gráfica e foneticamente no canto das denominacións internacionais recomendadas pola IUPAC, tendo en conta a súa gran implantación no uso, aínda que non se recollan no *Diccionario da Real Academia Galega*.

Ademais aparecen tamén un segundo tipo de entradas, denominadas “entradas remisivas” e empregadas para non reduplicar información na presentación de formas sinónimas. Nelas, simplemente se reenvía o consultante cara a unha entrada completa na que se presenta e organiza toda a información que se achega

sobre o concepto, incluídas todas as formas que o designan en galego.

965 **farad** m
Vid.- faradio

Como se pode comprobar, fixéronse esforzos por presentar os contidos de maneira agradable para a vista e rapidamente identificables, seguindo as recomendacións marcadas polas normas ISO. Así mesmo, para facilitar o acceso rápido á información, con independencia da lingua pola que se inicie a busca, incorpora dous índices alfabéticos coas equivalencias en castelán e inglés, que remiten ó número de entrada en galego. Por último, completa a información puramente terminolóxica cun anexo no que se inclúe unha táboa periódica, índices de elementos, unidades do Sistema Internacional, factores de conversión, constantes, etc.

A selección dos conceptos e denominacións que aquí se presentan baseouse na consulta

de manuais especializados e obras lexicográficas e terminográficas nas tres linguas estudadas, partindo da estruturación xeral da área en dez subáreas que cumpría tratar. A sinxeleza desa clasificación temática e o relativamente reducido número de conceptos analizados anuncianlles ós potenciais usuarios que o nivel de especialización do traballo non é moi alto, cuestión que os propios autores apuntan entre liñas no “Limiar”.

O obxectivo non é presentar un panorama exhaustivo dos conceptos e denominacións da área da Química, senón limitarse a un nivel medio de especialización, estreitamente vinculado ás necesidades da práctica docente desa disciplina nas universidades galegas. Isto é lóxico se temos en conta que a vontade final deste tipo de traballos é eliminar os posibles obstáculos que pechan a incorporación do galego á docencia e á investigación na Universidade de Santiago de Compostela.

Xusto A. Rodríguez Río

VV.AA (2002)

A normalización lingüística a debate.

Vigo, Edicións Xerais de Galicia



Da man da colección de peto-claves da editorial Xerais chega ás nosas mans o libro *A normalización lingüística a debate*. Diferentes perspectivas e puntos de vista sobre un mesmo tema: a normalización lingüística vinte anos despois.

Baixo o epígrafe "A lingua galega na sociedade: descrición actual e perspectivas de futuro" o profesor e sociolingüista H. Monteagudo fai un percorrido da situación pola lingua apoiándose nos diferentes conceptos que a sociolingüística manexa para describir a situación social da nosa lingua: as destrezas, a competencia, e unha análise polo miúdo das coordenadas sociais do bilingüismo galego. A seguir profundiza no concepto de normalización lingüística, fala do concepto de bilingüismo e monolingüismo coas diferentes adxectivacións que se lle poñen. Finalmente o profesor Monteagudo fala das perspectivas de futuro.

Socorro García, técnica en normalización lingüística desenvolve diferentes propostas realizadas no marco do Concello de Santiago de Compostela, e avoga, desde o comezo do seu artigo, pola existencia real dunha política lingüística xeral efectiva.

No seu artigo trata algunhas das experiencias desenvoltas polo Departamento de Lingua do Concello de Santiago

agrupadas baixo os tres tipos de actuacións nos que se tende englobar a actividade da administración: a intervención directa, a actividade de policía e a promoción da lingua, para finalmente, dar conta de casos reais baseados na planificación de recursos para a obtención de resultados. Entre as diferentes actividades de dinamización reseñadas cómpre destacar a actividade do Ciberlingua, un dos proxectos con intención de consolidarse a nivel nacional.

Héctor López, avogado e activista lingüístico en diferentes frentes da normalización da lingua achégase á cuestión dos dereitos lingüísticos e do dereito galego en xeral. Analiza as repercusións dunha determinada política lingüística de Estado e do poder que estes teñen para intervir en situacións de contacto interlingüístico; introduce a disciplina do dereito lingüístico e dos principios básicos do dereito galego seguindo o marco constitucional e o Estatuto de Autonomía, dos principios de territorialidade e personalidade que marcan os principios xurídicos xerais da maior parte das lexislacións lingüísticas no mundo; analiza no caso galego o valor positivo de contarmos cunha Lei de Normalización Lingüística fronte á política lingüística do bilingüismo harmónico promovida e practicada pola Xunta de Galicia. Confronta a nosa situación ao caso de Cataluña e da política levada a cabo polo seu goberno a través dunha pormenorizada lexislación en canto a termos e áreas de competencia.

Ante os efectos da mundialización para as linguas propón, modestamente, como liñas de actuación a intervención restrictiva dos poderes públicos nas relacións lingüísticas entre persoas privadas e a optimización das relacións lingüísticas coa lusofonía. Conclúe xogando co vello dito da lei e a trampa, dicindo que "é caer na trampa pensar que unha lei,

por si mesma, é capaz de resolver problemas ou de transformar a realidade" ou "pensar que o simple recoñecemento de dereitos lingüísticos subxectivos vai servir para que o galego chegue a ser lingua normal en Galiza".

Remata este libro co artigo "Política lingüística en Galicia" de Xaime Subiela. Refírese Subiela ás políticas lingüísticas como accións dos poderes públicos que teñen responsabilidades sobre a lingua. Elabora unha pequena análise sobre as actuacións desenvoltas pola Xunta de Galicia; por institucións lingüísticas (a Real Academia Galega, o Instituto da Lingua Galega, o Centro Ramón Piñeiro e o Consello da Cultura Galega); por algunhas administracións locais; e polas universidades co caso da Universidade de Santiago de Compostela.

Así mesmo dá conta dos sectores estratéxicos nos que incidiu a Xunta e o seu departamento responsable para despois comentar as consecuencias desta política lingüística no nivel da competencia, do uso e das actitudes dos falantes sempre orientadas cara á liña de evitar o conflito.


Nos últimos parágrafos do artigo Subiela fai unha caracterización da política lingüística da Xunta de Galicia, das interaccións levadas a cabo polos que considera actores principais (administración autonómica e nacionalismo galego) e as novas liñas de traballo ensaiadas pola vía da planificación e normalización lingüística.

Un libro interesante e de lectura recomendable nun formato renovador que nos achega visións da realidade sociolingüística do país cando se están a cumprir 20 anos da Lei de Normalización Lingüística e continuamos sen a existencia dunha política lingüística eficaz e real por parte do goberno de Xunta de Galicia.

Olga Patiño Abeixón

OUTRAS LECTURAS RECOMENDADAS

Ademais daquelas obras das que publicamos recensión neste número, tamén recomendamos a todos os nosos socios e socias as seguintes lecturas:



Álvarez, R., Dubert, F., Sousa, X. (ed.) (2002): *Dialectoloxía e Léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega.

(Actas do Simposio *Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001)



Constenla Bergueiro, G. et alii (ed.) (2002): *Linguas non Normalizadas. Presente e futuro*. Pontevedra: Universidade de Vigo, Asociación Sócio-Pedagóxica Galega.

(Actas do Congreso Internacional *Linguas non Normalizadas. Presente e futuro*, celebrado en Pontevedra os días 15, 16 e 17 de novembro de 2001)



Bugarín López, M. X. et alii (ed.) (2002): *VIII Conferencia Internacional de Linguas Minoritarias*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

(Actas da VIII Conferencia Internacional de Linguas Minoritarias, celebrada en Santiago de Compostela os días 22, 23 e 24 de novembro de 2001)

Comunicados da CTNL

NOTAS PARA OS/AS SOCIOS/AS

- Lembrámoslles a todos/as os/as socios/as que non teñan domiciliado o pagamento das cotas anuais que, co cambio de moeda, as cantidades aumentaron lixeiramente para adaptarse ao euro. **As cotas desde 2002 son de 20 euros e 10 euros**, segundo a situación profesional dos/das socios/as.
- Porque desde a CTNL tamén consideramos que outra política lingüística é posíbel, o pasado 17 de maio –Día das Letras Galegas– apoiámos os actos organizados por A Mesa pola Normalización Lingüística, o Bloque Nacionalista Galego, a Confederación Intersindical Galega e o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia.
Esta reivindicación e apoio vén ser o froito de numerosas demandas que diferentes colectivos estamos a facer con respecto aos dereitos lingüísticos das diferentes colectividades ás que representamos, sendo unha das actuacións comúns máis destacábeis nos últimos tempos a demanda dun Plan Xeral de Normalización Lingüística *aberto e participativo*.

Lista de distribución para terminólogos/as galegos/as

A Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega abriu unha lista de correo especializada en terminoloxía galega para difundir calquera información de interese relacionada con terminoloxía, terminografía, traducción e linguas de especialidade de/sobre calquera lingua e, especialmente, da lingua galega.

Esta lista ten como destinatarios naturais as entidades e persoas que realicen tarefas de traducción, redacción ou supervisión de textos especializados galegos xerados dende as institucións públicas, académicas, universidades, empresas de edición, axencias de traducción, dobraxe, medios de comunicación, axencias de publicidade e entidades sectoriais de todo tipo, así como especialistas noutras materias ou particulares interesados na terminoloxía.

A Sección quere así crear un espazo de debate e información para coordinar os esforzos e os recursos existentes sobre terminoloxía en Galicia e asemade abrir unha fiestra e facer visible a produción terminolóxica galega.

Concíbese como unha lista aberta a todas as persoas interesadas pero suxeita a subscrición e posterior autorización. Desde a páxina do Consello da Cultura Galega pódese acceder ó formulario de inscrición cos datos imprescindibles para establecer un censo de persoas especializadas en terminoloxía ou que teñan a terminoloxía como elemento transversal á súa actividade profesional e dos seus intereses persoais, que difundiremos na lista.

(<http://www.consellodacultura.org/interaccion/foros/terminoloxia.php>)

Formación continua / Coordinación / Información / Aproveitamento de recursos

ENREDAMOS A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DUN PAÍS



CADA DÍA SOMOS MÁIS

(envía este cuestionario e faite socio)

NOME

APELIDOS

TELÉFONO

FAX

ENDEREZO ELECTRÓNICO (Indica se é persoal ou de traballo)

CP - LOCALIDADE

SITUACIÓN PROFESIONAL

DON / DONA

CON DOI ROGO QUE CON CARGO A MIÑA CONTA

SE ATENDAN AS CONTAS QUE ME SEXAN XIRADAS POLA COORDINADORA DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA.

E PARA QUE ASÍ CONSTE ASINO ESTA CERTIFICACIÓN O DE DE 20

O NOSO SITIO NA REDE

- A CTNL e a súa historia
- Cursos de Formación- Documentación
- O noso boletín Novas CTNL
- Recursos lingüísticos na rede – Ligazóns
- Servicios lingüísticos
- Textos, artigos, relatorios...
- Bibliografía
- Noticias e novidades do galego
- Colabora connosco
- Opina

A CTNL "cotenol"

- Cursos de formación específicos, centrados no labor dos técnicos e persoas interesadas na sociolingüística galega.
- Propostas de coordinación e organización para a racionalización dos recursos da administración pública.
- Coordinación e divulgación do labor dos traballadores dos SNL/SL.
- Información das cuestións de interese para os SNL/SL (cursos, publicacións, liñas de apoio, programas).
- Favorecer a creación de novos servizos e a profesionalización dos existentes.
- Promover a dignificación do labor dos normalizadores lingüísticos e conseguir un status adecuado para os SNL/SL.
- Publicar ou fomentar a publicación de materiais de interese para o sector e animar a investigar arredor das nosas demandas.

<http://www.ctnl.org>

info@ctnl.org



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

Esta revista está subvencionada
pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia